

# Servizo de recollida de **PAPEL E CARTÓN** **COMERCIAL**



Apúntate no **900 725 425**

 **mancomunidade de**  
**Concellos do Morrazo**

# SERVIZO DE RECOLLIDA PORTA A PORTA DE PAPEL/CARTÓN COMERCIAL

## Obxectivos

- Potenciar unha recollida eficiente e sostible do Papel/Cartón.
- Evitar que estes residuos saturen os colectores azuis de recollida selectiva (destinados a residuos domésticos) ou acaben abandonados nas rúas.
- Facilitar a separación aos comercios adheridos.

## Como adherirse?

Para un correcto funcionamento e para conseguir dar asistencia a aqueles establecementos que desexen colaborar, temos habilitado o número de teléfono **900 725 425** para solicitar adherirse ao servizo de recollida. Ademais, todos os comercios interesados poden poñerse en contacto con nós e solicitar información mediante o correo electrónico **info@mancomunidadedomorrazo.gal**

## Como depositar o cartón?

- O cartón debe estar limpo.
- Non debe conter plásticos nin outros obxectos que impidan a súa correcta reciclaxe.

1. Separa e xunta as caixas que queres reciclar.



2. Desmóntaas para que ocupen menos espazo.



3. Amorea as caixas nos lugares, nos días e nas horas indicadas.



## CANDO SACAR O CARTÓN

### BUEU

Días de recollida:  
*Luns e Xoves*

Horario de depósito:  
*de 17:00h. a 18:00h.*

### CANGAS

Días de recollida:  
*Martes e Venres*

Horario de depósito:  
*de 17:00h. a 18:00h.*

### MOAÑA

Días de recollida:  
*Mércores e Sábado*

Horario de depósito:  
*de 17:00h. a 18:00h.*